

**ACTA DE LA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POR EL AYUNTAMIENTO  
PLENO EL DIA**

**25 de mayo de 2012**

En la Sala de Sesiones de la Casa do Concello de POL, en Mosteiro, a las 13:35 horas del día veinticinco de mayo de dos mil doce, bajo la presidencia del Sr. Alcalde don Lino Rodríguez Ónega, con asistencia de la Secretaria Interventora de la Corporación, doña María Lourdes Jato Álvarez, se reunieron los/as señores/as Concejales don José Luis Ramudo Andión, doña Ana Belen Seco Morado, doña Marina Ramudo Graña, doña Laura Otero Ferreiros, don Artemio Gustavo Carballés Fernández, doña María Angeles Lenza López y doña María Blanca Fernández Martínez, con el fin de celebrar sesión extraordinaria del Pleno de la Corporación en primera convocatoria, previa la misma.

No asiste a la sesión el señor Concejel don Diego Fernández Castro

La sesión se desarrolló con arreglo al siguiente **orden del día**:

**1.- Aprobación del acta de la sesión anterior celebrada el día 14 de mayo de 2012.-** Declarado abierto y público el acto por el Sr. Alcalde, por unanimidad se aprobó el acta de la sesión anterior, extraordinaria urgente, celebrada el día catorce de mayo de dos mil once, cuya copia se entregó a los señores/as Concejales con la convocatoria de esta sesión.

**2.- Informes de la Alcaldía.-** El Sr. Alcalde informa a la Corporación de la firma el 22 de mayo de 2012 del contrato de préstamo entre Ayuntamiento y Fondo para la Financiación de los Pagos a Proveedores a través del Banco Santander (RDley 4/2012 y RDley 7/2012) por importe de 422.636,48 €. El pago del importe del préstamo se hará en 40 cuotas consecutivas, de las cuales las ocho primeras serán de carencia de principal. Las cuotas tendrán carácter trimestral. El interés correspondiente al 1º trimestre es el 5,939%. El tipo de interés se revisará trimestralmente en cada fecha de pago.

**3.- Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por prestación del servicio de recogida de residuos sólidos urbanos.-** Se da cuenta de la propuesta de la alcaldía de aprobar una nueva ordenanza fiscal que regule la tasa por la prestación del servicio que se indica en el epígrafe debido a la necesidad de equilibrar la recaudación y el coste del servicio, que en la actualidad es deficitario.

- *Don Artemio Gustavo Carballes Fernández (PP)* pregunta si en el caso de las ganaderías se va a pagar por ganadería y por la vivienda y por qué quedan exentas las ganaderías de sólo nueve vacas. No entiende que sea igual una peluquería que una ganadería.

-El alcalde contesta que el baremo lo hizo la Diputación, que todo esto está regulado y que en cuanto a los epígrafes se mantienen los de la ordenanza que se viene aplicando. La única diferencia es que se incluye un epígrafe para las granjas y ganaderías. Sí se va a pagar por ganadería y por vivienda

Don Artemio Gustavo Carballes Fernández dice que votará en contra por las desigualdades y diferencias manifestadas.

- Doña María Blanca Fernández Martínez (BNG) dice que su voto también será en contra porque considera excesivo el incremento propuesto y porque el déficit se debe a una mala gestión. Hay que hacer plan de ajuste pero se puede ahorrar en otras cosas: en sueldos de alcaldes, piscina y fiestas gratis.... Pregunta a dónde se van a llevar los plásticos.

- El alcalde contesta que hay que hablar con conocimiento de causa, no se puede mezclar. Esta actualización debió de hacerse antes. El ayuntamiento tiene una deuda importante y hay obligación de cobrar y cubrir los costes por la prestación de un servicio obligatorio. La deuda del Ayuntamiento no tiene que ver con la obligatoriedad de las tasas. Es muy buena la prestación del servicio y eso tiene un coste. En cuanto a las piscinas este año no se va a cobrar porque hay que valorar el gasto de la gestión del cobro. Las fiestas traen gente a Pol y los empresarios están contentos. Doña María Blanca Fernández Martínez dice que no es así que conoce quejas de algunos. Respecto a los plásticos los llevará la concesionaria de este servicio que hasta ahora es Tragsa.

Debatido el asunto se procede a la votación de la propuesta con el siguiente resultado: cinco votos a favor (5) de PSdeG-PSOE y tres en contra (3) de PP y BNG.

Visto que es una de las medidas contempladas en el plan de ajuste aprobado de acuerdo con las disposiciones del RDley 4/2012.

Visto el informe técnico económico sobre el coste del servicio y evaluación del rendimiento elaborado con fecha 15 de mayo de 2012 por la técnica del Servicio de Cooperación de la Excm. Diputación Provincial doña Raquel Meilán Sanchez.

La Corporación, por cinco votos a favor de PSdeG-PSOE y tres en contra (3) de PP y BNG, **ACUERDA:**

1°. Aprobar provisionalmente la ordenanza fiscal *reguladora de la tasa por prestación del servicio de recogida de residuos sólidos urbanos*, según el texto del anexo que se indica a continuación, quedando derogada desde su entrada en vigor y comienzo de aplicación la ordenanza aprobada el 26 de febrero de 1996.

2°. Exponer al público el expediente por el plazo de treinta días hábiles para que se puedan presentar las alegaciones que se estimen oportunas que serán resueltas por la Corporación.

3°. De no producirse alegaciones en el plazo señalado, la ordenanza se considera aprobada definitivamente sin necesidad de nuevo acuerdo y se publicará de conformidad con dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local.

#### **ANEXO**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO DOMICILIARIO NO CONCELLLO DE POL.**

**ARTIGO 1°. NATUREZA E FUNDAMENTO.**

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Aos efectos desta ordenanza fiscal, e atendendo a canto se establece no artigo 3º da Lei 22/2011, de 28 de xullo de residuos e solos contaminados, e atendendo tamén ao nivel de desenvolvemento do servizo neste Concello e as actividades predominantes no municipio, os residuos domésticos aos que se aplica esta taxa serán os que se recolle no artigo 2º da presente ordenanza.

#### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

1.-Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliar de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, gandeiras, artísticas e de servizos no termo municipal de Pol.

2.-A tal efectos, considéranse residuos domésticos, os residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Se consideran tamén residuos domésticos os similares aos anteriores xerados en ganderías, servizos e industrias.

**Se exclúen** de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos e animais, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertido esixan a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

#### **ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO**

1. Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e os entes sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen os inmobles situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se presta o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo.

#### **ARTIGO 4º. EXENCIONS**

1. Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá solicitalo e acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada favorablemente polos Servizos Sociais do Concello.

2. Ó abeiro do mesmo artigo do parágrafo anterior, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes do epígrafe D: Granxas e ganderías, cando o número de cabezas de gando vacún sexa inferior a 10 e cando o número de cabezas de gando porcino sexa inferior a 50.

#### **ARTIGO 5°. BASES DE GRAVAME E TARIFAS**

As tarifas son de cota fixa, de carácter trimestral. E se detallan nos seguintes epígrafes:

**EPÍGRAFE A:** *Vivendas.* 20 euros por trimestre

**EPÍGRAFE B:** *Actividades comerciais e industriais,* tales como, alimentación, supermercados, panaderías, droguerías, bazares, caixas de aforro, entidades bancarias, cooperativas, agrupación escolar, farmacias, fábricas de pensos, mármores e granitos, ferraxarías, bares e restaurantes, fontanería e calefacción, materiais de construción e saneamento, estacións de servizo e calquera outra similar non relacionada: 35 euros por trimestre.

**EPÍGRAFE C:** *Actividades comerciais e industriais,* tales como téxtiles, mercerías, paqueterías, perruquerías, calzados, da madeira, moblerías e carpinterías, funerarias, talleres mecánicos, carpintería metálica, chapa e pintura, ferrerías, estanco, muíños, louseiras e outras similares non relacionadas. 25 euros por trimestre

**EPÍGRAFE D:** *Granxas e ganderías,* co seguinte detalle:

D.1. Ganderías de vacún de 10 a 49 cabezas de gando: 10 euros por trimestre.

D.2. Ganderías de vacún de 50 a 99 cabezas de gando: 20 euros por trimestre.

D.3. Ganderías de vacún de 100 ou mais cabezas de gando: 40 euros por trimestre.

D.4. Ganderías de porcino de 50 ou mais cabezas de gando: 40 euros por trimestre.

D.5. *Granxas avícolas:* 40 euros por trimestre.

#### **ARTIGO 6°. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO**

1. A taxa devéngase e nace a obrigaçión de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario nos lugares, e rúas onde figuren as vivendas, locais ou establecementos utilizados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.

2. Establecido e en funcionamento o servizo, o devengo terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do servizo.

3. No suposto de inicio do servizo, a taxa devengarase polos trimestres completos nos que se presta o servizo, mentres que no suposto de cese do servizo, a taxa devengarase polos trimestres cumpridos de prestación do mesmo, incluído aquel no que se encontra o día que finaliza a prestación do servizo.

#### **ARTIGO 7°. DECLARACIÓN E INGRESO.**

1. A taxa por recollida de lixo, xestionarase mediante padrón ou matrícula. En todo caso, os obrigados tributarios deberán poñer en coñecemento da Administración municipal toda variación dos datos figurados na matrícula, que poida orixinar baixa ou alteración no

padrón. Esta obrigación deberá cumprirse no prazo dun mes desde que se produza a circunstancia determinante da modificación.

2. O pago da cota terá carácter trimestral.

3. A cobranza poderá realizarse en recibo conxunto coa Taxa da rede de sumidoiros e do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable. Están obrigados ó pago as persoas que constan como titulares da vivenda ou local para os efectos de prestación do citado servizo de augas, de conformidade co artigo 3 desta ordenanza. A alta no servizo de augas leva consigo a correlativa inclusión no Padrón de recollida de lixo.

#### **ARTIGO 8º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.**

En todo o relativo á cualificación de infracción s tributarias, así como das sanción s que a elas correspondan, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA**

Queda derogada a Ordenanza fiscal aprobada polo Pleno da Corporación o día 26 de febreiro de 1996.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 25 de maio de 2012 entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e comezará a aplicarse a partir do 1 de xullo de 2012. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### **4.- Moción del BNG para mantenimiento del servicio de ayuda a domicilio.-** Se da cuenta de la siguiente moción:

##### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporación s locais de 20.000 ou máis habitantes, ande só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegas, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios

nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que abrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrência é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias. para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias, garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación, garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida as prestacións están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

**ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza a

- a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.
- c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.
- d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP."

- *Don Artemio Gustavo Garballes Fernández (PP)* dice que votarán en contra. En ningún sitio se dice que se vaya a suprimir la subvención a los concellos; se va a reducir algo. Y hay gente que disfruta el servicio y no lo necesita.

- *Doña María Blanca Fernández Martínez (BNG)* dice que sí se habla de suprimir la ayuda en el artículo 47 y que la Xunta no puede pasar sus obligaciones a Diputación y Concellos. Considera que sí se debe revisar a quien se presta el servicio; los que tienen conciencia no solicitan el servicio si no lo necesitan. Aquí se abrió mucho la mano. Hay que atender a la gente que más lo necesita

- El Alcalde dice que apoya la moción, se están haciendo recortes que perjudican al concello. En cuanto a la prestación del servicio dice que se da el servicio a quien lo solicita y de acuerdo con unos baremos e informes. A algunos de dependencia también se les presta el servicio mientras no llega el reconocimiento.

Debatido el asunto se procede a la votación de la moción con el siguiente resultado: seis votos a favor (6) de PSdeG-PSOE y BNG y dos en contra (2) de PP. Queda aprobada la moción por seis votos a favor y dos en contra.

**5.- Moción del BNG para arreglo de la pista de Baille.-** Se da cuenta de la siguiente moción:

**"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

Dado o estado no que se atopa esta pista e dado que por ela teñen que pasar diariamente: transporte escolar, camións de recollida do leite, camións con suministros para as granxas... yéndose dificultada a súa circulación polo pésimo estado de conservación de dita pista e sin olvidar o perigo que esto supón o BNG insta a esta Corporación Municipal a tomar o seguinte

**ACORDO:**

Que esta obra sexa considerada prioritaria para esta Corporación e que o Sr. Alcalde faga todo o necesario para acadar a financiación necesaria para executala."

- *Doña María Blanca Fernández Martínez* dice que pasen a ver la pista que está mal y peligrosa.

- *Don Artemio Gustavo Carballes Fernández* dice que el Alcalde prometió hacer el saneamiento y no hace nada. Pregunta si se va a hacer.

- El Alcalde contesta que el concello tiene diecinueve

parroquias. Para Baille se planificó un proyecto en 2008 pero hay que solucionar también un problema de saneamiento; en 2009 se presentó un proyecto en Augas de Galicia, porque no se trata solo de rebachear sino de hacer también el alcantarillado; espera que la Xunta colabore, Medio Rural también tiene una responsabilidad. La obra la hará el concello pero está pendiente del proyecto presentado en Augas de Galicia.

Debatido el asunto se procede a la votación de la moción con el siguiente resultado: tres votos a favor (3) de BNG y PP y cinco en contra (5) de PSdeG-PSOE. Por cinco votos en contra (5) y tres a favor (3) se desestima la moción.

**6.- Moción del BNG en defensa de la enseñanza pública gallega.-** Se da cuenta de la siguiente moción:

#### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A comunidade educativa galega a través de diferentes entidades (organizacions sindicais, ANPAS, movementos de renovación pedagóxica, organizacions estudiantís partidos políticos...) constitulu a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público para manifestar o rexeitamento ao Real Decreto-Leí 14/2012, publicado polo goberno do Estado, para esixir da Consellaría de Educación que non aplique en Galiza ningún dos recortes contidos no RD Lei e que o recorra por invadir as competencias que en materia educativa ten a Xunta de Galiza.

A Educación é un dereito que os gobernos teñen a obriga de garantir nas mellores condicións posíbeis. Só a través do ensino público se poden minorar as diferenzas sociais e se poden formar as xeracións do futuro nos valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da democracia. O ensino non é unha mercadoría. Nunca pode ser medido con criterios de rendibilidade económica. A súa oferta e calidade debe estar garantida para todas e para todos, independentemente da procedencia socioeconómica ou xeográfica de cadaquén, aplicando as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades. Por iso mesmo, nun momento de crise económica é cando cómpre fortalecer os servizos públicos e manter as dotacións necesarias para que non perdan calidade e para que o conxunto da cidadanía, esa que está a sufrir a crise, non se vexa privada dos seus dereitos.

Mais iso non é o que sucede hoxe. O actual goberno galego veu aplicando sucesivos recortes ao ensino público e reduciu en 425 millóns os orzamentos en relación aos de 2009, o que provocou a perda de máis de 2.000 docentes e a conseguinte falta de dotación necesaria para facer fronte á atención á diversidade, ao reforzo educativo e ás necesidades educativas especiais, é dicir, a todas as necesidades que ten o sistema educativo galego. Xunto a isto, a Administración galega eliminou a gratuidade dos libros de texto e non cobre as baixas do profesorado inferiores a quince días. Gastáronse millóns en tirar con libros por estaren en galego e en facer propaganda da eliminación da gratuidade dos libros, mentres mantiñan e incrementaban as axudas aos centros privados concertados, mesmo cando segregan o alumnado por sexo.

A sociedade galega non merece que o ensino, onde deben medrar e formarse as xeracións do futuro, sexa tido en tan pouca consideración polo goberno galego. Co pretexto da crise, golpéase,



de maneira grave, o ensino público, pondo en cuestión o dereito á educación das clases populares. Por iso, pedímosile que rectifique e que, como primeira medida, se posicione en contra dos recortes que agora nos quere aplicar o goberno do Estado.

Os recortes que se propoñen buscan reducir o profesorado dos centros (despedindo miles de docentes), incrementar o número de alumnado por aula (masificando as aulas), reagrupar alumnado de diferentes niveis educativos nunha mesma aula e reducir a oferta educativa. Todas estas medidas dificultan o acceso á educación das clases sociais máis desfavorecidas, van contra a calidade do ensino e significan maior fracaso escolar.

Estes recortes van supoñer, de levalos a cabo:

- Incrementar as ratios a 30 alumnos/as en Infantil e Primaria, 36 en Secundaria e 42 en Bacharelato. Esta medida provocará a masificación das aulas, impedirá unha atención personalizada do alumnado e atender as necesidades educativas específicas, e suporá menor calidade do ensino e maior fracaso escolar.

- Impor unha xornada lectiva semanal mínima para o profesorado de 25 horas en Primaria e 20 en Secundaria. Isto traducirase, entre outras consecuencias, en que o profesorado terá que impartir materias das que non é especialista, completar horario noutros centros, incrementando as itinerancias, e dificultará a realización doutros labores necesarios para o funcionamento do centro e para mellorar a calidade do ensino.

- Non substituír o profesorado de baixa. Será un prexuízo para o centro e para o alumnado que as baixas non se cubran até que pasen catorce días (dez días lectivos). Os centros verán alterado o seu plan de traballo cada vez que se produza unha baixa e o alumnado terá que ser atendido por profesorado de diferentes especialidades á do substituído, conculcando o dereito á educación do propio alumnado.

- Eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato. Con graves consecuencias na formación do alumnado, obrigado a desprazarse de non contar na localidade coa modalidade de bacharelato que quere cursar. Afasta os servizos dos ámbitos non urbanos, restando máis poboación ao rural, reduce o acceso ao ensino superior, polas dificultades de gran parte do alumnado de custearse os desprazamentos, incrementando o abandono escolar e dificultando cursaras estudos desexados,

- Aprazar a implantación de ciclos de formación profesional. Que prexudica gravemente as persoas que, precisamente nun momento de crise económica, buscan unha mellor e máis actualizada formación, entre elas moitas persoas paradas.

- Incrementar as taxas universitarias. Trátase dunha suba desorbitada, que pode superar o 50% e que se fixará en función do custo das titulacións. Isto achegará o prezo das matrículas ao que hai nas universidades privadas e impedirá que as universidades públicas continúen a cumprir o papel de inclusión e igualdade social.

Con estes recortes atácase gravemente o ensino público e a súa calidade, así como o dereito de igualdade de oportunidades do alumnado, que aumentará o fracaso escolar e despedirá máis de 2.000 docentes. Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## ACORDO

**Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias."**

- Doña María Blanca Fernández Martínez (BNG) dice que trabaja en la enseñanza y todo lo que indica la moción se está aplicando. Estas medidas suponen retrotraerse a la situación de hace treinta o cuarenta años. Hay autonomías que se van a oponer, aquí se adelantan y ya se están aplicando. Considera un problema como se plantea la sustitución de los profesores en caso de bajas sin tener en cuenta las distintas especialidades. Sanidad, educación y servicios sociales no se pueden tocar.

- Don Artemio Gustavo Carballes Fernández (PP) dice que no es real la forma en que se plantea la moción. En el caso de los recortes de profesorado en algunos centros sobran profesores.

- El Alcalde esta de acuerdo con la moción.

Debatido el asunto se procede a la votación de la moción con el siguiente resultado: seis votos a favor (6) de BNG y PSdeG-PSOE y dos en contra (2) de PP. Queda aprobada la moción por seis votos a favor y dos en contra.

### **7.- Ruegos y Preguntas.-** Se formulan las/os siguientes:

- *Don Artemio Gustavo Carballes Fernandez (PP):*

1. Centro de dia: pregunta si la Diputación está haciendo algo, si se están haciendo gestiones.

- Alcalde: El Presidente tuvo una reunión con la Conselleira y al parecer la Xunta no puede poner un duro. El centro lo haría la Diputación y la gestión la Xunta, pero la Xunta no se hace cargo de la explotación. Se habla de varios centros y la Xunta tiene que colaborar.

2. Pasarela río Azúmara: Se le quita anchura a la carretera( un metro) y delante del molino también. En el tramo del río queda bien, arriba y abajo, mal.

- El Alcalde contesta que la pasarela está bien así y bien situada. Hay anchura suficiente, un tractor pasa sin dificultad, la medición la hicieron los técnicos. La Confederación aprobo y adjudicó la obra que de momento no está parada pero si denunciada. Se suprimió el paseo junto al río y se va a hacer una pérgola y un area.

- *Doña María Blanca Fernández Martínez (BNG):*

1. Pregunta si CUTUAUGA díó alguna explicación para no hacer la obra que se le adjudicó. El Alcalde contesta que no.

2. Convenio Diputación 191.000,00 €: Pregunta que se va a incluir en el, si están las obras hechas. Quiere ver las memorias. Que hay el rumor que se le debe a Amador y a Cutuauga, si va contemplado esto en el convenio

- El Alcalde contesta que si están hechas las obras, que se destinan los fondos a infraestructuras y que se hizo la solicitud con memorias. Se le pago a Amador y a CUTUAUGA con estos fondos.

3. Tanatorio: si se repararon las deficiencias que se manifestaron en dos Plenos.

- El Alcalde contesta que no se va a tocar hasta junio para que este bien seco. Quedaron en hablar técnico y empresario.

4. Carretera de Rioxoán: qué gestiones se hicieron.

- Alcalde: Pidió cita en la Xunta hace tres meses y no sabe nada a día de hoy. No está contemplada en los presupuestos de este año. A ver si se incluye en los del año próximo.

5. Pregunta por la situación del PXOM y el Alcalde responde que va a salir pronto en julio o agosto.

6. Pregunta por el incremento de facturas de MONSA en la relación de pagos a proveedores y la secretaria le responde que obedece a certificados emitidos con posterioridad al envío de la relación inicial.

Y terminados los asuntos a tratar, el Sr. Alcalde levanta la sesión a las 15:10 horas del día veinticinco de mayo de dos mil doce de todo lo que, como secretaria interventora, certifico.